

CONVOCATORIA DO III CAPÍTULO DO DISTRITO ARLEP E PROCESO DE ELECCIÓN DE CAPITULARES “Soñar e tecer fraternidades”

Madrid, 26 de agosto de 2019

Queridos Irmáns e Asociados:

Envíovos os meus mellores saúdos, cando o período do descanso estival vai tocando o seu fin e nos dispoñemos a preparar o próximo curso. Como o título desta circular o indica, envíovos a convocatoria oficial do III Capítulo do Distrito Arlep. Queda convocado o III Capítulo de Distrito Arlep coa arela de que o que imos vivir nos axudes a seguir impulsando a herdanza que nos legaron o Fundador e os primeiros Irmáns. Este Capítulo non debería ter como principal obxectivo renovar o Distrito senón converternos cada un de nós para que o Distrito se transforme no que realmente queremos.

CONVOCATORIA

Estamos ao comezo deste curso 2019-2020 e é conveniente que teñamos en conta as previsións que implica este acontecemento importante para a vida do Distrito.

Nunca está de máis recordar o que nos di a Regra en relación coa celebración do Capítulo de Distrito.

“O Capítulo de Distrito é unha asemblea de carácter pastoral e administrativo que manifesta a unidade profunda existente entre os Irmáns e lles permite unha participación activa, en forma directa ou delegada, nas instancias de reflexión e de decisión do Distrito.” (c 632)

“O Capítulo de Distrito é convocado polo Irmán Visitador; avalía todos os aspectos da vida do Distrito; ten en conta a situación local e establece proxectos concretos de renovación, adaptación ou desenvolvemento para o futuro próximo. As avaliacións e proxectos elabóranse á luz das directrices e orientacións da Igrexa e do Instituto.” (Regra 137)

Como sabedes este III Capítulo estaba programado para este curso pasado, pero a proximidade coa posta en marcha da nova estrutura distrital e o comezo recente do servizo da comunidade de animación levounos a pedir ao Superior Xeral o seu adiamento por un ano.

A partir do mes de marzo pasado empezamos os preparativos desta Asemblea.

O Consello de Distrito do pasado 23 de febreiro aprobou un primeiro documento de traballo, onde se establecía un calendario, a posta en marcha a Comisión Preparatoria e a Comisión de Estatutos.

A **Comisión Preparatoria** quedou constituída polos Irmáns José Antolínez, Mikel Balerdi, Antonio Botana, Juan Bautista de las Heras, Miguel Ángel Sanz e Jorge Sierra. A **Comisión de Estatutos** quedou constituída polos Irmáns José Javier Cabrero, Juan José Brunet, Miguel Tena e D. Fernando Casas. O seu labor é revisar o documento de estatutos que neste momento se atopa na fase “ad experimentum” para que o Capítulo ratifique o seu contido e sexa enviado ao Superior Xeral para a súa aprobación oficial.

Este **III Capítulo** contará con tres sesións. A primeira será o 3 e 4 de xaneiro de 2020, en Lliria (Valencia). A segunda terá lugar do 6 ao 9 de xullo de 2020, tamén en Lliria . A terceira sesión deberá celebrarse unha vez concluído o 46º Capítulo Xeral, tal como sinala a Regra.

O lema elixido para que nos acompañe ao longo de todo o proceso e impulse as liñas forza do Distrito é “**Soñar e tecer fraternidades**”. Seguro estou de que esta frase motivaranos interiormente e alentará a nosa implicación en todo o proceso.

Respecto dos asuntos que ha de tratar este III Capítulo, veñen indicados nos Estatutos do seguinte xeito: “[O Capítulo de Distrito] Trata os temas que establece a Regra, as orientacións emanadas do Capítulo Xeral, os Estatutos do Distrito, as sucesivas decisións do propio Capítulo do Distrito e as propostas emanadas da Asemblea da Misión Educativa Lasaliana do Distrito.” (Estatutos 5.a.2)

Xa levamos 9 anos de andaina como Distrito Arlep. Isto supón un espazo de tempo importante. Dadas as circunstancias actuais, polo menos nalgúns aspectos, hai cambios notorios con respecto ao que nos atopabamos aquel primeiro de setembro do 2010. Por exemplo, a partir do anterior Capítulo démonos un novo xeito de animarnos e organizarnos en Zonas Comunitarias. O paso inexorable do tempo, os cambios que imos experimentando de xeito vertixinoso, a desafiante realidade demográfica dos Irmáns a nova configuración das comunidades lasalianas e, probablemente outras realidades, obrigarannos a tomar decisións e a determinar liñas de acción realistas para seguir sendo fieis á misión educativa cunha vida comunitaria significativa e relevante para o contexto en que está inserida.

Pero sexa o que sexa, tanto agora como cando iniciamos a andaina como Distrito, estamos seguros de que este próximo III Capítulo será un tempo de graza para todos. A lectura dos tempos sinálanos que estamos inmersos nun momento único e privilexiado, como tempo novo, tempo de Deus. Este impúlsanos a vivir o don

da fraternidade e a ser iconas da nova humanidade, Xesús de Nazaré, segundo o carisma lasaliano.

PROCESO DE ELECCION DE CAPITULARES (Art. 5.c)

De acordo co plan previsto, imos comezar o procedemento de elección dos Capitulares.

- **Membros de dereito:**
Como está establecido pola Regra, son membros de dereito os Irmáns Visitadores, Titular e Auxiliares, xunto cos demais Conselleiros de Distrito.
- **Membros elixidos:**
Durante os próximos meses, setembro e outubro, elixiranse 30 Irmáns:
 - o Nestes primeiros compases do mes de setembro, escollerase un Irmán entre a lista dos integrantes das comunidades de cada unha das 15 zonas comunitarias, das que se quitaron os nomes dos que xa son capitulares de dereito.
 - o Posteriormente, ao longo de outubro elixiranse outros 15 Irmáns a partir dunha lista común da que se quitaron os nomes dos que xa sexan elixidos como capitulares nas zonas comunitarias.
- **Membros designados:**
Posteriormente está previsto que haxa 4 Irmáns designados polo H. Visitador Titular e o seu Consello para “asegurar unha representación equilibrada dos Irmáns dos distintos grupos de idade, competencias, funcións e zonas” (Estatutos 5.c.3)
- **Membros invitados:**
Igualmente, o Consello aprobou que os 6 segrares asociados **membros da Coordinadora de Asociados**, xunto con D. **Fernando Casas**, Asociado e membro permanente de Consello de Distrito, participen no III Capítulo como invitados.

Somos conscientes de que a participación no Capítulo de asociados e lasalianos, membros das comunidades, está sometida aos Estatutos. Será responsabilidade do III Capítulo de Distrito, se o considera oportuno, propoñer de cara ao futuro recomendacións e alternativas a este modo de participación.

Ademais, cursouse a invitación ao Ir. Conselleiro Xeral responsable da Relem, Ir. **Aidan Kilty**, aos Irmáns Visitadores Titulares dos Distritos da Relem, ao Delegado para Bélxica Norte e ao Provincial dos Irmáns Maristas (Provincia Mediterránea), Ir. **Juan Carlos Fontes**, para que, se o desexan, participen en calidade de invitados.

PROCESO DE ELECCIÓN DE 15 IRMÁNS DAS ZONAS COMUNITARIAS (Art. 5.d)

A elección dos Irmáns Capitulares das zonas comunitarias realizarase conforme ao seguinte calendario:

- Os Irmáns elixen un **Capitular** entre os das **Comunidades da súa zona comunitaria** (cf. a lista correspondente).
- Cada Irmán escribe na papeleta o nome dun Irmán para que sexa capitular por elección, de entre os da súa zona comunitaria.
- **Para o 15 de setembro** teñen que estar na Casa Provincial (Calle Marqués de Mondéjar, 32. 28028 Madrid) os sobres coas papeletas da votación de cada unha das comunidades indicando con claridade o nome da mesma.
- **17 de setembro** ás 10 h. reunirse a Comisión de escrutinio.
- **19 de setembro** daranse a coñecer por correo electrónico os resultados da votación.
- **25 de setembro** enviarase a lista cos nomes dos Irmáns que poderán ser elixidos na segunda fase, así como a dinámica a seguir.

COMISIÓN DE ESCRUTINIO

A Comisión de escrutinio estará formada polos Irmáns Ismael Beltrán, que será o seu presidente, Felipe García, Juan Antonio Rivera e D. Jaime González que actuará como secretario.

Desexo de todo corazón que este acontecemento reavive as nosas esperanzas e sintamos a novidade do Espírito que nos guía por camiños insospeitados. Desexo que sexamos protagonistas deste acontecemento, enriquezamos a nosa fraternidade e manteñámonos atentos ás novas chamadas na misión. Desexo que xa desde agora nos poñamos en situación de Capítulo para ir trazando as liñas de futuro nestes próximos anos.

O grupo que elabora os materiais para a animación das comunidades achegará axudas para ir reflexionando, orando e comprometéndonos co III Capítulo.

Tamén dentro do calendario distrital reservamos a data do 7 de marzo de 2020 para que poidamos participar nun Foro específico nas zonas comunitarias co obxectivo de que todos os membros das comunidades lasalianas poidamos contribuír no traballo e na reflexión capitular.

Durante a primeira sesión do Capítulo (Lliria 3 e 4 de xaneiro 2020) marcaranse as liñas de traballo que haberá que seguir ao longo dos meses posteriores (xaneiro a xullo 2020). Por iso pídesenos que esteamos moi atentos ao que os diferentes grupos de traballo que se formen nesta

primeira sesión nos vaian enviando, para determinar que aspectos guiarán as reflexións e o traballo final de cara á segunda sesión.

Desexo ardentemente que, neste Tricentenario do pasamento do Fundador e Ano Xubilar Lasaliano, o testemuño de fidelidade de tantos Irmáns e Lasalianos ilumine a nosa andaina.

Feliz inicio de curso para todos!

Ir. José Román Pérez Conde, FSC
Visitador Titular
Distrito Arlep